

El 30 de noviembre de 2017 actualizado el 09 de diciembre de 2017. Este sitio web utiliza cookies para mejorar su experiencia de navegación. Si continúa navegando, consideramos que acepta su uso. [Más información](#)

ACEPTAR

TEMAS: Formación | Lugares | El Correo 2 | Vida Social | Carreira Pedestre | Plus | Aulas

Tendencias | tendencias@elcorreogallego.es | RSS

Noticia 1 de 1

Abrindo novos horizontes
cara a economía circular



XUNTA
DE GALICIA



www.sogama.es

RITERIOS DE SOSTENIBILIDADE

APECCO organizará en 2018 un foro de construcción pública

O acto conmemorativo reuniu a máis dun cento de axentes da construción e autoridades no Palacio da Ópera de A Coruña



Comentar (0) Imprimir Enviar por correo



28.11.2017

A- A+

Máis dun centenar de axentes da construción e autoridades da provincia de A Coruña reuníronse esta tarde no Palacio da Ópera da cidade herculina para festexar os 40 anos de traxectoria de APECCO (Asociación Provincial de Empresarios de la Construcción de La Coruña). No acto conmemorativo, -que foi inaugurado polo alcalde de A Coruña, Xulio Ferreiro, e clausurado pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato -, o presidente de APECCO, Diego Vázquez Reino, anunciou que no 2018 a Asociación liderará un Foro da Construción co obxectivo de acadar entre os axentes que participan nas contratacións públicas un acordo nas bases xerais deste tipo de licitacións. "Desde APECCO trataremos de acadar un consenso entre as empresas de obra pública, os técnicos das diferentes administracións e os representantes sindicais, para establecer unhas regras básicas que contemplen todos os factores necesarios para garantir que se preservan os intereses do investimento público e tamén se contemplen os factores sociais que garantan un emprego de calidade no sector", explicou Vázquez Reino. Neste punto, o presidente de APECCO refiriuse aos criterios económicos que imperan neste eido; "trala crise económica xa non existe ningunha xustificación para que a balanza para tomar decisións continúe inclinada de xeito tan acusado cara aos criterios económicos. Preocúpanos tanto pola merma na calidade do traballo como, sobre todo, pola perda na calidade do emprego no noso sector. De continuar esta anomalía, atopáremonos ante un escenario letal para a supervivencia das empresas e, por tanto, do emprego que xenera o noso sector", aclarou Vázquez

larosaleda



hm hospitales

Somos tu Salud



LO + VISTO

- 01 Galicia se llena de mercados navideños
- 02 Profesionales de diferentes sectores abarrotan la presentación de Bermejo
- 03 'Rectores y privilegiados', un libro solo apto para aquellos que soporten la verdad
- 04 Reconocimiento a la larga y brillante trayectoria de tres empresas compostelanas
- 05 Acusan de lesionar derechos fundamentales para elegir en Ames al técnico de Secretaría
- 06 Ignacio Rivera, candidato por Galicia al Premio Emprendedor del Año de la consultora Ernest & Young (EY)
- 07 Salvador Mariño-Ageitos, nuevo gerente del hospital barbanzano

Jueves 30.11.2017 Actualizado 09:12

Ao acto asistiron, entre outras autoridades, o alcalde de A Coruña, Xulio Ferreiro; a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel María Vázquez Mourelle; a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato Otero; o vicepresidente do Parlamento gallego, Diego Calvo Pouso; o presidente da Diputación de A Coruña, Valentín González Formoso; o delegado territorial da Xunta de Galicia na Coruña, Ovidio Rodeiro Tato; alcaldes da provincia de A Coruña (Carballo, A Capela, Curtis, Laracha, Oleiros, Ordes, Oroso, Porto do Son...) e representantes de entidades coma Confederación de Empresarios de Galicia, Tranvías, Abanca, Asociación de la Prensa, Cámara de Comercio, Colexio de Avogados de Galicia, Aproinco, Inspección Provincial de Traballo, Colexio de Aparelladores ou a Inspección Territorial de Traballo.

Empresas asociadas premiadas

No acto do 40º aniversario a Asociación homenaxeou aos seus asociados máis veteranos; destacando as empresas fundadoras de APECCO (Ángel Brey, Construcciones Ángel Jove, Construcciones López Cao, CRC Obras y Servicios, Francisco Gómez y cía. Talleres Reunidos, Arias Infraestructuras, Construcciones J. Mauri e Hijos; Construcciones Ramón Vázquez y Reino; Dragados e José Manuel Piñeiro López) e as empresas que levan máis de 25 anos na Asociación (Abeconsa, Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos, Cosmalca, Espina Obras Hidráulicas, FCC Construcción, Hermanos López Cartelle, José No Mantiñan e Hijos, OHL, Vías y Construcciones; Antonio Filloy, Construcciones Ponciano Nieto, Grupo Nosa, Espina y Delfín, Eulogio Viñal Obras y Construcciones, Ferroviario Agroman, manuel Pérez Pérez, Proycoga y Tradiso).

APECCO (Asociación Provincial de empresarios de la Construcción de La Coruña) está integrada por 160 empresas asociadas da provincia de A Coruña, entre as que se atopan as principais empresas da construción en Galicia, e engloba actividades afíns ao sector como son la promoción de vivendas, instalacións, reformas e rehabilitación, pintura, revestimentos e impermeabilizacións, cimentacións, enxeñarías, servizos e materiais de construción. Constituíuse en 1977 co fin de procurar o desenvolvemento e mellora do sector da construción en todas as actividades que o integran. Entre os seus fines está o defender os lexítimos intereses dos seus asociados, tanto colectiva, como individualmente, fomentando en todo momento a solidariedade empresarial. Entre as súas múltiples actividades destaca a de negociar os convenios colectivos provinciais da construción e da pintura.



Recomendado Para Ti

Enlaces Patrocinados por Taboola

Desgarradoras fotografías del Titanic nunca antes vistas

StandardNews

Compruebe si usted es elegible para una Tarjeta Verde de los Estados Uni...

U.S green card

Video: El robot aspirador español que deja a Roomba en ridículo

RobotsAspirador.es

08 **El M Rosaleda refuerza su servicio para crónicos o con diagnósticos difíciles**

09 **Raxoi 'recula' y deja que camiones de gran tonelaje se vuelen en Miramontes**

10 **El anticiclón 'protege' a Galicia de la borrasca que asola a España**

+ noticias



Te Puede Gustar Enlaces Patrocinados

Desgarradoras fotografías del Titanic nunca antes vistas